

30

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

15 ou máis participantes
10 minutos

MINUÉ

Cantar. Roda

Desinhibición. Grupo

MATERIAIS

Non precisa materiais.

ESPAZO

Espazo para avanzar en pé en roda e agarrados polo van.

DESCRIPCIÓN

Apréndese o cantar, e ao cantalo avánzase seguindo o ritmo. Cada volta cóllese o van da persoa que está máis adiante, de xeito que cadaquén no grupo vaia sentando sobre os xeonllos de quen está detrás, e avánzase ao cantar, para adiante e tamén pode ser para atrás.

O xogo contextualízase nun salón francés no que as persoas van gañando confianza progresivamente. Poñendo as mans inicialmente nos ombreiros e logo no van de quen está diante, logo nos de quen está diante de quen estea diante, e así sucesivamente...

Nun momento dado sentamos nas pernas dos outros e a roda tense en pé.

Nun salón francés, bailamos minué

Nun salón francés, bailamos mi-nu-é

